

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Pedregal de Irimia

CURSO: 4º ESO

MATERIA: Tecnoloxías da Información da Comunicación

DEPARTAMENTO: Tecnoloxía

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

	<i>Páxina</i>
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	1
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN	6
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	7

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1.1) 1ª e 2ª Avaliación.

Estes estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles foron traballados durante o primeiro e o segundo trimestre de xeito presencial, co que os alumnos examináronse deles antes da suspensión das clases.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
■ B3.1 Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	■ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa
	■ TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.
■ B3.2 Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	■ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
■ B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	■ TICB2.4.1 Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
■ B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	■ TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.
■ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	■ TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.
	■ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas

	que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.
■ B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	■ TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.
	■ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
■ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	■ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.
■ B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	■ TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.

1.2) 3ª Avaliación.

Estes estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles serán traballados de xeito telemático durante o terceiro trimestre, co que non formarán parte do exame de setembro.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
■ B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	■ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
■ B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	■ TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.
■ B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	■ TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
■ B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	■ TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos..

■ B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.

■ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Exercicios sobre os estándares de aprendizaxe	Empregarase a Aula Virtual para aportar aos alumnos tarefas para os estándares da 3ª avaliación. Os alumnos deben facer as tarefas propostas no prazo estipulado. O seguimento destas tarefas farase a través da Aula Virtual.
Proba específica	En algún tema farase unha proba telemática consistente nun test feito na Aula Virtual ou traballo individual cos contidos do tema. A calificación da proba será entre 0 e 10 puntos. A proba poderá ser seguida polo profesorado a través da plataforma Cisco Webex Meetings da Consellaría de Educación.

CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final do curso non pode ser inferior á media dos dous primeiros trimestres. Para garantir isto, calcularase a media dos dous primeiros trimestres e esta nota poderase ver incrementada en ata dous puntos, dependendo das actividades e probas realizadas de xeito telemático, así as actividades dun tema calificaranse entre 0 e 10 e a proba do tema tamén, dita proba pode ser tamén un traballo individual. Calcularase a media obtida pola realización das tarefas dos diferentes temas e a media obtida nas probas telemáticas realizadas:

$C = 0,08 * \text{media das probas} + 0,12 * \text{media das tarefas}$

$$\text{Nota final} = \frac{1A + 2A}{2} + C$$

1A = Nota da 1ª avaliación cos decimais sen redondeo.

2A = Nota da 2ª avaliación cos decimais sen redondeo.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado coa materia suspensa na convocatoria ordinaria (xuño) terá dereito a unha proba extraordinaria e presencial (sempre e cando o permitan as autoridades educativas, se non sería substituído por unha proba telemática) en setembro. Nesa proba entrarían os estándares de aprendizaxe dados na primeira e na segunda avaliación de xeito presencial.

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os establecidos na Programación didáctica do departamento entregada a inicio de curso.

(Non hai alumnos nesta situación)

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

ACTIVIDADES

As actividades a realizar serán postas en Edixgal, primeiro actividades de reforzo para os alumnos aprobados e para os que teñen que recuperar. A maiores propoñeranse actividades de ampliación dos temas que corresponderían ao terceiro trimestre e, principalmente serán recursos prácticos e autocorrexibles así coma xogos do tipo encrucillados ou scape room feitos cos contidos do tema polo profesor.

METODOLOXÍA

A formación será a distancia tendo en conta que todo o alumnado dispón de ordenador e conexión a internet. (o centro entregou equipos co conexión ao alumnado que carecía deles).

Propóñense as actividades a facer e dáselles un prazo para realizalas, así ao rematar o prazo faise unha proba telemática sobre os contidos ou proponse un traballo individual sobre os contidos. O traballo será realizado a través da Aula Virtual do centro e o alumnado poderá preguntar dúbidas a través desta canle ou polo correo electrónico.

Excepcionalmente empregarase a ferramenta Cisco Webex Meetings para dar instrucións e resolver dúbidas do alumnado (xa que non se adapta perfectamente ao traballo na materia, precisa dunha boa conexión a internet que non todo o alumnado posúe e ten un consumo de datos moi elevado).

MATERIAIS E RECURSOS

Para poder desenvolver as actividades anteriores son necesarios:

- Ordenador (con navegador de internet, lector de pdf e procesador de textos instalado) con conexión a internet.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

A profesora encargada da materia informará ao alumnado dos cambios producidos na programación didáctica do departamento do seguinte xeito:

Colgará esta Adaptación da programación no curso da materia na Aula Virtual do centro.

A profesora manterá unha reunión co grupo (en horario de clase) a través da plataforma Cisco Webex Meetings para resolver as dúbidas que puidera ter o alumnado.

PUBLICIDADE

Esta Adaptación da programación didáctica do departamento será publicada na páxina Web do IES Pedregal de Irimia (departamento de Tecnoloxía).

E para que así conste, asino a presente adaptación a luns, 11 de maio de 2020:

Asdo.: María Elia Gallego Seoane

Xefa do departamento de Tecnoloxía

IES Pedregal de Irimia